



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 24 · Sábado, 30 xaneiro 2021

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Bases reguladoras do procedemento de provisión temporal mediante nomeamento en comisión de servizos dun posto de asesor/a xurídico/a da Deputación (Área de Administración Xeral - Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios da Deputación Provincial de Ourense).....	2
Extracto da convocatoria do concurso público para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2021. BDNS(Identif.): 546041.....	18
Expediente 30022T. Acordo de fixación de prezos de publicacións.....	18
Bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2021.....	19
Anuncio da convocatoria dunha edición do "Curso de Controlador de Acceso a Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas" (AF-33-2020).....	42
Anuncio da convocatoria dunha edición do "Curso de Perfeccionamento Profesional do Persoal Administrativo das Entidades Locais" (AF-46-2020).....	48
Anuncio da convocatoria dunha edición do "Curso de Desinfección de Instalacións Municipais fronte ao Covid-19. Boas Prácticas de Protección Persoal" (AF-25D-2020).....	54

IV. ENTIDADES LOCAIS

Barbadás

Aprobación da oferta de emprego público para a estabilización de emprego no Concello de Barbadás.....	60
Convocatoria e bases para a provisión por concurso de méritos do posto de funcionario de carreira administrativo secretaria (C1).....	61

Castrelo do Val

Padrón cobratorio do 2º semestre do 2020 da taxa de abastecemento domiciliario da auga e do canon da auga da Xunta de Galicia.....	66
--	----

Cortegada

Exposición pública da conta xeral correspondente ao exercicio orzamentario do ano 2019.....	67
---	----

San Cristovo de Cea

Exposición pública da aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio económico do 2021.....	67
---	----

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Bases reguladoras del procedimiento de provisión temporal mediante nombramiento en comisión de servicios de un puesto de asesor/a jurídico/a de la Diputación (Área de Administración General - Gabinete de Asesoría Jurídica y Asistencia a Municipios de la Diputación Provincial de Ourense).....	10
Extracto de la convocatoria del concurso público para gastos de funcionamiento de las federaciones o agrupaciones de asociaciones vecinales de Ourense correspondientes al ejercicio 2021. BDNS(Identif.): 546041.....	18
Expediente 30022T. Acuerdo de fijación de precios de publicaciones..	19
Bases reguladoras de la convocatoria del concurso público para la concesión de subvenciones para gastos de funcionamiento de las federaciones o agrupaciones de asociaciones vecinales de Ourense correspondientes al ejercicio 2021.....	31
Anuncio de la convocatoria de una edición del "Curso de Controlador de Acceso a Espectáculos Públicos y Actividades Recreativas" (AF-33-2020).....	45
Anuncio de la convocatoria de una edición del "Curso de Perfeccionamiento del Personal Administrativo de las Entidades Locales" (AF-46-2020).....	51
Anuncio de la convocatoria de una edición del "Curso de Desinfección de Instalaciones Municipales frente al COVID-19. Buenas Prácticas de Protección Personal" (AF-25D-2020).....	57

IV. ENTIDADES LOCALES

Barbadás

Aprobación de la oferta de empleo público para la estabilización de empleo en el Ayuntamiento de Barbadás.....	60
Convocatoria y bases para la provisión por concurso de méritos del puesto de funcionario de carrera administrativo secretaria (C1).....	63

Castrelo do Val

Padrón cobratorio del 2º semestre de 2020 de la tasa de abastecimiento domiciliario de agua y del canon del agua de la Xunta de Galicia.....	66
--	----

Cortegada

Exposición pública de la cuenta general correspondiente al ejercicio presupuestario del año 2019.....	67
---	----

San Cristovo de Cea

Exposición pública de la aprobación inicial del presupuesto municipal para el ejercicio económico de 2021.....	67
--	----



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Para os efectos oportunos publícase a aprobación da convocatoria e bases reguladoras do procedemento de provisión temporal mediante nomeamento en comisión de servizos dun posto de asesor/a xurídico/a da Deputación (Área de Administración Xeral - Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios da Deputación Provincial de Ourense)

A) Obxecto das bases. Postos de traballo obxecto da convocatoria. Duración. Réxime xurídico xeral.

1. Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de provisión temporal mediante nomeamento en comisión de servizos de carácter voluntario segundo o artigo 96 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e do artigo 34 da Ordenanza reguladora do cadro de persoal e da clasificación e provisión dos postos de traballo do posto de asesor/a xurídico/a (Área de Administración Xeral-Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios) incluído na vixente Relación de postos de traballo da Deputación de Ourense (en adiante, RPT, publicada no BOP n.º 292, do 22 de decembro de 2018).

2. O período durante o cal se cubrirá a vacante en comisión de servizos será dun ano, prorrogable por outro máis, de conformidade co establecido no artigo 64.3 do Regulamento de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, de aplicación supletoria aos funcionarios da Administración local, de acordo co establecido no artigo 168 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e de conformidade co establecido no artigo 49 da Ordenanza provincial de clasificación e provisión de postos de traballo da Deputación Provincial de Ourense.

3. O procedemento regulado nas presentes bases rexerese pola normativa aplicable á provisión de postos de traballo dos funcionarios de Administración local, e, en particular e no que non se opoña á lexislación vixente, polo establecido na Ordenanza provincial de clasificación e provisión de postos de traballo da Deputación Provincial de Ourense.

B) Normas reguladoras da comisión de servizos.

1ª) Obxecto

É obxecto das presentes bases o establecemento das regras do procedemento de provisión, polo procedemento de comisión de servizos, do posto de traballo definido no apartado C.

2ª) Requisitos dos concursantes

1. Para poderen ser admitidas ao procedemento, as persoas aspirantes deberán reunir as seguintes condicións, por referencia á data límite para a presentación de instancias:

a) Ter a condición de funcionario/a de carreira de calquera administración pública pertencente ao grupo profesional A1. Escala: administración xeral. Subescala: técnica. Categoría: técnico superior administración xeral.

Este posto é susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das comunidades autónomas, doutras entidades locais ou dos entes públicos vinculados ou dependentes, segundo os requisitos que se especifican na ficha individualizada do posto de traballo da RPT.

b) Cumprir, se é o caso, os requisitos de formación específica que se estableza na ficha individualizada do posto de traballo da RPT, recollido no apartado C das presentes bases.

c) Non atoparse en situación administrativa de suspensión de funcións, imposta por resolución disciplinaria ou sentenza xudicial firme.

3ª) Lugar e prazo para a presentación de solicitudes. Lista de persoas admitidas e excluídas:

1. As solicitudes dirixiranse ao presidente da Deputación, en modelo normalizado que será facilitado no Servizo de Recursos Humanos e Formación ou na páxina web www.depourense.es, na sección de ofertas de emprego. As modalidades de presentación serán as seguintes:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na Oficina de Asistencia ao Cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial de Ourense ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 (norma que se estima vixente de acordo co establecido na Disposición derogatoria única en relación coa Disposición final 7.ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas). Neste último caso rógase que se envíe copia da instancia ao correo electrónico persoal@depourense.es

b) De forma telemática, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica da Deputación Provincial, no enderezo <https://sede.depourense.es>

A acreditación de méritos e capacidades realizarase de acordo co establecido na base 4ª deste apartado B.

A comprobación dos datos de identidade, nacionalidade e residencia, así como os méritos referidos ao establecido no punto 4.º de solicitudes, no referido a titulacións académicas oficiais, serán comprobados de oficio pola Deputación mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, sempre que, conforme co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello Europeo do 27 de abril de 2016, relativo á protección dos datos das persoas físicas, os solicitantes fagan constar o seu consentimento expreso na solicitude. En caso contrario, os/as interesados/as deberán achegar copia dos documentos correspondentes. Excepcionalmente, se a Deputación non puidese obter os documentos conforme co previsto neste apartado, poderá solicitar ao interesado a súa achega, outorgándolle un prazo de 10 días hábiles.

2. O prazo de presentación será de quince días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio da convocatoria.

3. Rematado o prazo de presentación de instancias e, se é o caso, de corrección de deficiencias, a Presidencia ditará resolución pola que declararán as persoas aspirantes admitidas e as excluídas por incumprir os requisitos da convocatoria, pasándose as actuacións á Comisión de Valoración. Contra esta resolución da Presidencia, que será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación Provincial e na páxina web www.depourense.es na sección habilitada para o efecto, os interesados poderán interpoñer os recursos legalmente procedentes.

4ª) Solicitudes: contido e documentación anexa.

1. As persoas aspirantes deberán presentar as súas solicitudes debidamente cubertas, cando menos nos campos indicados como obrigatorios no modelo normalizado.

2. Os erros cando se cubra a solicitude serán emendables, a requirimento da Presidencia, que concederá un prazo de cinco días hábiles para esta finalidade. En ningún caso se poderá utilizar este trámite para a mellora da solicitude ou acreditar méritos non alegados na solicitude orixinal.

Á solicitude deberán engadirse os seguintes documentos:

a) A memoria prevista no apartado 2 desta base, acompañada dos informes, certificados ou documentos complementarios que o candidato/a estime oportunos.

b) Os documentos acreditativos dos méritos alegados, unicamente nos casos indicados no apartado 4 desta base.

2. Coa solicitude, as persoas aspirantes deberán achegar unha memoria, dividida en dous apartados:

Apartado a): no que, de xeito resumido, se expoña a súa traectoria profesional, detallando os feitos máis salientables, con especial atención aos problemas detectados e ás solucións aplicadas no desenvolvemento das responsabilidades propias dos postos desempeñados.

Apartado b): no que a persoa aspirante expoña cales son as tarefas e responsabilidades fundamentais do posto de traballo ao que se aspira, así como as medidas que ao seu xuízo deberían adoptarse para o mellor desenvolvemento das funcións do dito posto e da unidade ou unidades administrativas dependentes, e a súa coordinación co resto de unidades administrativas provinciais. A memoria non deberá exceder dun máximo de oito folios por unha soa cara e a dobre espazo. A información detallada ou complementaria que o candidato/a desexe transmitir-lle á Comisión de Valoración poderá ser obxecto de exposición oral durante a entrevista persoal. A valoración da memoria presentada realizarase mediante unha entrevista persoal cos candidatos, na que estes deberán aclarar e complementar a información exposta na dita memoria.

3. As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude os méritos expresados na base 5ª.2, apartados A) e B) que soliciten que lles sexan valorados, con independencia da acreditación documental destes méritos, que se rexerá polas regras recollidas no parágrafo seguinte.

4. Os méritos deberán acreditarse a través dos seguintes medios:

- As titulacións académicas, mediante copia auténtica do correspondente título oficial ou do xustificante de cumprir os requisitos e ter satisfeito os dereitos para a súa expedición.

- Os cursos de formación, mediante certificado expedido pola entidade promotora da acción formativa, onde conste a denominación do curso e o seu número de horas. A certificación deberá incluír ademais a circunstancia de ter superado a proba de avaliación establecida para a obtención do diploma ou certificación, de ser o caso.

- Os servizos prestados en postos da mesma unidade administrativa ou cun contido funcional semellante ao convocado, mediante certificación do órgano competente da Deputación ou da administración pública de que se trate, especificando as funcións correspondentes ao posto de que se trate.

- A antigüidade na administración pública, mediante certificación expedida polo órgano competente da administración pública de que se trate.

Non será necesario achegar a documentación acreditativa dos méritos (Servizos prestados e antigüidade) no caso de que esta documentación conste no expediente persoal dos/as interesados/as, para o que a Deputación emitirá de oficio os documentos correspondentes. De conformidade co establecido no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPAC), presumirase que os solicitantes autorizan á Deputación de Ourense para que esta consulte ou obteña os documentos elaborados por outras administracións públicas a que se refire o apartado anterior, referido ao caso das titulacións académi-

cas, agás que manifesten expresamente o contrario nas súas solicitudes. Neste caso, os interesados deberán achegar copia auténtica dos documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se a Deputación non puidese obter os ditos documentos, poderá solicitarlle ao interesado a súa achega, outorgándolle un prazo de quince días naturais. En todo caso, os datos e documentos obtidos utilizaranse exclusivamente para as finalidades deste procedemento selectivo.

Para a admisión ao concurso dos solicitantes, será requisito imprescindible o aboamento previo da taxa establecida nesta ordenanza fiscal (BOP n.º 166, do 20 de xullo de 2018), agás nos supostos de exención. A tarifa aplicable nesta convocatoria será: 19 € para o subgrupo A1. O modelo estará dispoñible no portal web corporativo da Deputación de Ourense www.depourense.es e nas oficinas do Servizo de Recursos Humanos e Formación. No caso de que o interesado estea exento por discapacidade igual ou superior ao 33%, deberá acreditar esta circunstancia mediante certificación acreditativa expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social. No caso de que o interesado forme parte dunha familia numerosa e se acolla á bonificación do 50% no pago da taxa, deberá achegar copia do título de familia numerosa expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

5ª) Méritos e capacidades valorables. Regras de valoración.

1. De conformidade co establecido no artigo 91, apartados 3, 4 e 5, da Lei do emprego público de Galicia, a fase de concurso consistirá na valoración dos méritos e das capacidades, coñecementos e aptitudes que especifican as presentes bases. Os méritos serán obxecto de valoración regulada, conforme ao baremo de méritos previsto nos apartados seguintes. A súa puntuación total máxima equivalerá ao 55 % da puntuación máxima total do concurso. As capacidades serán valoradas de xeito motivado pola Comisión de Valoración, de conformidade coas regras e criterios e a través dos medios de valoración recollidos nas presentes bases. A súa puntuación total máxima equivalerá ao 45 % da puntuación total máxima do concurso.

2. Os méritos valorables serán os recollidos no seguinte baremo:

a) Cursos de formación e perfeccionamento relacionados co posto de traballo

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento que reúnan as seguintes características:

- Ter relación directa, en atención aos seus contidos, coas actividades propias do posto de traballo ao que se concursa.

Para estes efectos, considerarase que teñen relación directa aqueles cursos cuxos contidos poidan ser de directa aplicación no desenvolvemento das tarefas propias do posto.

- Consideraranse avaliáveis como cursos, as accións formativas en sentido amplo realizadas ou homologadas por entidades do sector público, incluíndo a participación en xornadas, seminarios e congresos, así como os promovidos e realizados no marco dos Acordos de Formación Continua nas Administracións Públicas (AFCAP) e dos acordos de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP).

- Os cursos de posgraduado que non teñan a consideración de máster oficial ou doutoramento valoraranse neste apartado, sempre que cumpran os requisitos sinalados nos parágrafos anteriores.

Valoración: a valoración dos cursos de formación poderá alcanzar ata un máximo de 20 puntos, aplicados da seguinte forma:

- Por cada curso inferior a 20 horas de duración: 0,05 puntos.



- Por cada curso de 20 ata 30 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cada curso de máis de 30 horas e ata 60 horas de duración: 0,25 puntos.
- Por cada curso de máis de 60 horas e ata 100 horas de duración: 0,50 puntos.
- Por cada curso de máis de 100 horas e ata 200 horas de duración: 1 punto.
- Por cada curso de máis de 200 horas de duración: 2 puntos.

Nos supostos en que os cursos ou accións formativas realizados inclúan unha proba de avaliación final como requisito para a obtención da certificación ou diploma de aproveitamento do curso, a puntuación do curso correspondente segundo o baremo anterior incrementarase nun 25 %, respectando en todo caso o tope máximo de 20 puntos neste apartado.

A asistencia aos cursos deberá acreditarse mediante orixinal ou copia debidamente autenticada do diploma ou certificación onde conste a denominación do curso, as datas de realización e o seu número de horas.

b) Titulación académica superior á esixida relacionada co posto de traballo.

Valorarase a posesión de titulación superior á esixida para o posto, condicionada a que os plans de estudos da titulación permitan presumir racionalmente que a súa obtención outorga unha maior competencia profesional para o seu desempeño.

Valoración: a valoración da titulación superior á esixida poderá alcanzar ata un máximo de 20 puntos, distribuídos conforme ás regras que se detallan a continuación. Como regra xeral, puntuarase unicamente a titulación de máximo grao de que se dispoña; non obstante, nos casos nos que se dispoña de diferentes titulacións nese grao máximo, puntuarase cada unha delas, acumulándose a puntuación ata o límite máximo establecido no baremo aplicable.

A baremación aplicable ás titulacións superiores será a seguinte, segundo sexa o nivel de titulación do posto e o grao máximo de titulación das persoas aspirantes:

Posgraduado universitario (máster): 8 puntos, ata un máximo de 16 puntos.

Posgraduado universitario (doutoramento): 10 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

c) Titulación académica adicional á esixida relacionada co posto de traballo.

Valorarase a posesión de titulación adicional do mesmo grao ou nivel á esixida para o desempeño do posto, sempre que a dita titulación estea relacionada coas funcións do posto ou poida presumirse racionalmente que outorga unha maior competencia profesional para o seu desempeño.

Valoración: a valoración da titulación adicional á esixida poderá alcanzar ata un máximo de 5 puntos, distribuídos do seguinte xeito: por cada título de grao universitario que se posúa, diferente ao esixido para o acceso á praza á que está reservado o posto de traballo: 4 puntos. Se se dispón de dúas ou máis titulacións adicionais valorables, a puntuación será de 5 puntos.

d) Servizos prestados na unidade administrativa á que corresponde o posto de traballo ou en postos de contido relacionado. Valorarase a prestación de servizos na mesma unidade administrativa da Deputación Provincial á que lle corresponde o posto de traballo obxecto da convocatoria, ou en postos de traballo de calquera administración pública cuxo contido funcional estea directamente relacionado co do dito posto ou estea fundamentalmente integrado por funcións semellantes. Para estes efectos, consideraranse funcións semellantes aquelas que se

realicen mediante a aplicación dos mesmos coñecementos específicos, como pode ser a aplicación dunha mesma normativa especializada, a xestión de procedementos idénticos ou análogos ou dunha mesma e determinada técnica ou conxunto de técnicas profesionais.

Valoración: valorarase asignando 0,30 puntos por mes completo de servizos prestados na administración pública, entendendo que un mes completo equivale a trinta días de servizo. As fraccións valoraranse de xeito proporcional. A puntuación máxima neste apartado será de 20 puntos.

e) Antigüidade: valorarase o tempo de servizos prestados nas administracións públicas, sen distinción de postos ou categorías profesionais. A antigüidade valorarase a razón de 0,10 puntos por cada mes de servizo completo nas administracións públicas, computándose os recoñecidos que se prestaran con anterioridade á adquisición da condición de funcionario; ata un máximo total en conxunto de 20 puntos.

3. As capacidades que serán obxecto de valoración pola comisión serán as seguintes:

a) Coñecemento das funcións e problemática do posto: poderán asignarse ata 2/3 da puntuación, a criterio razoado da comisión, en función do grao de coñecemento amosado polo candidato/a na memoria e posto de manifesto na entrevista.

b) Capacidade profesional xeral amosada en postos anteriores: poderá asignarse ata 1/3 da puntuación, a criterio razoado da comisión, en función do grao de capacidade profesional xeral amosado polo interesado na súa traxectoria, atendendo exclusivamente aos logros profesionais acadados, postos de manifesto mediante a súa participación en proxectos ou actuacións salientables que revelen especial iniciativa, capacidade de innovación e creatividade, capacidade de resolución de problemas, capacidade de traballo e organización, habilidades de dirección de persoal ou outras habilidades profesionais. A demostración destas capacidades realizarana os candidatos a través da entrevista persoal, na que desenvolverán os aspectos máis salientables da súa traxectoria recollidos na memoria presentada, valorándose a coherencia e claridade da exposición e a profundidade do coñecemento das actividades realizadas e da problemática da xestión administrativa, que reflecta a dita exposición.

6ª) Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración quedará constituída polos seguintes membros:

a) Presidente: o/a xefe/a do Servizo de Recursos Humanos e Formación ou funcionario/a que legalmente o/a substitúa.

b) Vogais:

- Unha persoa representante da Área de Administración Xeral.

- Unha persoa representante da unidade á que pertence o posto.

- Un representante da Xunta de Persoal.

c) Secretario: o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, que actuará con voz e voto.

A identidade da persoa representante da Xunta de Persoal, incluíndo unha persoa suplente, deberá ser comunicada por este órgano unitario no prazo máximo de quince días hábiles dende a publicación das bases da convocatoria no BOP. En caso de que os órganos unitarios de representación de persoal non procedan á comunicación da designación do seu representante, este feito non impedirá a válida constitución da comisión, que levará a cabo as súas funcións en ausencia do dito representante, entendéndose que o órgano de representación unitaria desiste do seu nomeamento. En todo caso, se o órgano de repre-

sentación unitaria designase ao seu representante con posterioridade ao inicio das actuacións da comisión, pero antes do remate do procedemento, este terá dereito a incorporarse á comisión, sen que haxa lugar á retroacción das actuacións xa realizadas.

A Comisión de Valoración rexerese, en canto ao seu funcionamento, polas regras comúns aplicables aos órganos colexiados das administracións públicas.

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias e aprobada a lista de admitidos e excluídos, constituirase a Comisión de Valoración, que procederá á valoración dos méritos conforme ás regras establecidas en cada caso nas bases específicas e tendo en conta, en todo caso, as seguintes:

- Para a súa válida constitución, deberán concorrer a maioría absoluta dos membros da comisión, ademais do seu presidente e do secretario.

- A comisión só poderá valorar os méritos alegados nas instancias e adquiridos antes da expiración do prazo de presentación de solicitudes.

- A comisión poderá solicitar formalmente dos interesados as aclaracións ou, se é o caso, a documentación adicional que estimen necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

- A comisión poderá solicitar os informes e asesoramentos que estime precisos para levar a cabo a valoración.

- O prazo para a resolución da comisión será de dous meses dende o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de instancias.

- Os acordos da comisión serán adoptados por maioría simple dos seus membros presentes.

- A valoración realizarase en dúas fases. Na primeira fase, procederase á valoración das capacidades, valorándose os méritos nunha segunda fase.

- A valoración das capacidades realizarase mediante unha entrevista persoal co/a candidato/a, na que este exporá a memoria presentada e responderá ás preguntas da comisión. As entrevistas serán obxecto de gravación, incorporándose ao expediente o arquivo de son ou de son e imaxe correspondente.

- Unha vez efectuada a valoración das capacidades, a comisión procederá a valorar os méritos alegados que resulten acreditados no expediente, conforme ao baremo establecido nas presentes bases.

- Realizada a valoración, a comisión formulará a correspondente proposta de nomeamento a favor da persoa aspirante que obtivese unha maior puntuación, que se elevará á Presidencia da Deputación para a súa resolución. En todo caso, na proposta de resolución deberá figurar a valoración de todas as persoas candidatas presentadas.

No caso de empate entre dúas persoas ou aspirantes, a comisión poderá acordar a realización dunha proba práctica entre os/as candidatos/as empatados/as, consistente na realización dun exercicio relativo a cometidos propios do posto de traballo. A proba realizarase en chamamento único, debendo comunicarllela ás persoas candidatas con quince días naturais de antelación á súa data e lugar de celebración.

No caso de persistir o empate tras a proba práctica, a proposta da comisión realizarase a favor dunha soa das persoas aspirantes empatadas, de conformidade cos seguintes criterios, que se expresan por orde de preferencia:

a) A favor da persoa aspirante con maior puntuación global na valoración das capacidades.

b) A favor da persoa aspirante con maior puntuación no apartado de coñecemento do posto.

c) A favor da persoa aspirante con maior puntuación no apartado de capacidade profesional xeral.

d) A favor da persoa aspirante con maior puntuación no apartado de titulación académica superior.

e) En defecto do anterior, a favor da persoa aspirante con maior puntuación no apartado de cursos de formación.

f) En defecto do anterior, a favor da persoa aspirante con maior puntuación no apartado de titulación adicional.

g) En defecto do anterior, a favor da persoa aspirante con maior antigüidade.

h) En defecto dos anteriores, realizarase un sorteo público.

A comisión queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a correcta xestión do procedemento en todo o non previsto nestas bases.

7ª) Resolución

Recibida a proposta da comisión, a Presidencia resolverá o concurso, e nomeará a persoa aspirante proposta pola comisión, agás nos casos previstos no artigo 40 da Ordenanza reguladora do cadro de persoal e da clasificación e provisión de postos de traballo da Deputación Provincial de Ourense, nos que se procederá conforme sinala a dita norma. A resolución notificáraselle á persoa interesada, que tomará posesión conforme ao establecido na normativa vixente, así como ao resto de persoas candidatas.

O aspirante proposto pola comisión presentará, dentro do prazo de cinco días naturais desde que se fai pública a proposta, os documentos acreditativos das condicións que para tomar parte neste proceso selectivo se esixen na base correspondente.

C) Características detalladas do posto obxecto de concurso.

Denominación do servizo: Área de Administración Xeral-Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios)

Denominación do posto: asesor/a xurídico/a

Definición do posto:

1.- Descrición do posto:

Responsabilidades e atribucións xerais:

- Realización de funcións de planificación, administración e xestión superior dos recursos, servizos, proxectos e programas, tales como propoñer normas, deseñar procedementos administrativos, deseñar e implantar sistemas de xestión, avaliación e mellora continua, preparar ou deseñar modelos de resolucións administrativas e elaborar informes e estudos para a toma de decisións.

Funcións principais:

- Prestar asistencia técnico-administrativa directa e de carácter operativa no ámbito da Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, no eido da súa capacitación profesional e competencial.

- Colaborar na organización dos respectivos servizos.

- Elaborar pregos e valoración das ofertas correspondentes á súa área de traballo.

- Asistir ás diferentes comisións ou reunións con outras institucións e/ou entidades privadas, relacionadas co seu ámbito de traballo.

- Prestar asesoramento, no eido das súas competencias e capacitación profesional, cando así sexa requirido dende as diferentes áreas ou servizos.

- Emisión de informes e propostas de resolucións, dentro do seu eido competencial e profesional.

- Prestar asistencia ás entidades locais.



- Calquera outra de similar natureza, sempre que resulte adecuada á súa clasificación, grao ou categoría, e propia da área, servizo ou negociado no que se integra o posto.

2.- Número de postos que se convocan: un.

Requisitos do posto:

1.- Tipo de persoal: funcionario. A1.

2.- Grupo A1. Escala administración xeral. Subescala: técnica. Categoría: técnico superior de administración xeral.

Posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira das comunidades autónomas, doutras entidades locais ou dos entes públicos vinculados ou dependentes, conforme co previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da Relación de postos de traballo.

Retribucións do posto:

1.- Nivel de complemento de destino: 28

2.- Complemento específico: 24.453,80 €

Contra a resolución que aproba estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante esta Presidencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense; alternatively, poderase impugnar directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data. Ourense.”

Asinado electronicamente por 34962672G

Asdo.: José Manuel Baltar (R: P3200000B)

Presidente da Deputación Provincial de Ourense

27/01/2021 - 9:56:33



SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE PROVISIÓN TEMPORAL MEDIANTE COMISIÓN DE SERVICIOS DUN POSTO DE ASESOR/A XURÍDICO/A DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

(ANEXO I)

I.- Datos do solicitante:

APELIDOS: _____

NOME: _____ DNI/NIE: _____

ENDEREZO: _____

POBOACIÓN: _____ PROVINCIA: _____

TELÉFONO MÓBIL: _____ TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

II.- Solicita a súa inclusión para participar no procedemento de provisión temporal mediante comisión de servizos dun posto de asesor/a xurídico/a da Deputación Provincial de Ourense.

III.- Documentación que achega:

- DNI
- Taxa
- Memoria
- Méritos alegados

Se a documentación xa consta en poder da Deputación Provincial de Ourense, indíquese en folia á parte de que documentación se trata, sinalando a data e o procedemento no que foi achegada.

SI	<input type="checkbox"/>	CONSINTO EXPRESAMENTE que a Deputación Provincial de Ourense poida obter electronicamente nas redes corporativas e/ou plataformas de intermediación de datos das AAPP ou mediante outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, os documentos ou informacións indicados nas bases da convocatoria.
NON	<input type="checkbox"/>	

SI	<input type="checkbox"/>	AUTORIZO á Deputación Provincial de Ourense para que me sexa enviado por vía de correo electrónico ou SMS a comunicación de aviso da publicación na sede electrónica da Deputación dos diferentes actos e resolucións de interese para a miña solicitude.
NON	<input type="checkbox"/>	

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura

Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación de Ourense e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación. A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigaición legal e/ou o cumprimento dunha misión realizada en interese público. O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, tras o consentimento previo da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados por esta Administración poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirse a DPO@depourense.es.

Así mesmo, os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos

ILMO. SEÑOR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.



RELATORIO DE MÉRITOS

ANEXO II

APELIDOS E NOME: _____

DNI/NIE: _____ TELÉFONO MÓBIL: _____

Para os efectos do baremo aplicable, acredita os méritos que a seguir se especifican e achega documentación xustificativa deles.

1.- Polos servizos prestados na unidade administrativa á que corresponde o posto de traballo ou en posto de contido relacionado:

ANOS	MESES	DÍAS

2.- Antigüidade: tempo de servizos prestados nas administracións públicas, sen distinción de postos ou categorías profesionais.

ANOS	MESES	DÍAS

3.- Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do Acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

DENOMINACIÓN	ORGANISMO EMISOR	ANO	HORAS

4.- Titulación académica superior e/ou adicional á esixida relacionada co posto de traballo.

DENOMINACIÓN	ORGANISMO EMISOR	ANO

_____, ____ de _____ de 20 ____

Sinatura

ANEXO RELATIVO AO RÉXIME DE PROTECCIÓN DOS DATOS PERSOAIS ACHEGADOS COA SOLICITUDE:

Os datos persoais achegados coa presente solicitude incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense e serán tratados coa/s finalidade/s específica/s de cada tratamento, conforme coa regulación establecida no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento e do Consello) e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigaón legal e/ou no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este responsable, para levar a cabo as súas funcións de selección e xestión do persoal, e/ou calquera outras inherentes á relación laboral/funcionarial. O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.

Os seus datos persoais unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, tras o consentimento previo ou de acordo co previsto na lexislación antedita. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, diante do responsable do tratamento, que é a Deputación Provincial de Ourense, ou ante o seu delegado de Protección de Datos, no correo electrónico DPO@depourense.es. En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.



Diputación Provincial de Ourense

A los efectos oportunos se publica la aprobación de la convocatoria y bases reguladoras del procedimiento de provisión temporal mediante nombramiento en comisión de servicios de un puesto de asesor/a jurídico/a de la Diputación (Área de Administración General - Gabinete de Asesoría Jurídica y Asistencia a Municipios de la Diputación Provincial de Ourense)

A) Objeto de las bases. Puestos de trabajo objeto de la convocatoria. Régimen jurídico general.

1. Constituye el objeto de las presentes bases la regulación del procedimiento de provisión temporal mediante nombramiento en comisión de servicios de carácter voluntario, según el artículo 96 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia y del artículo 34 de la Ordenanza Reguladora de la plantilla de personal y de la clasificación y provisión de los puestos de trabajo del puesto de asesor/a jurídico/a (Área de Administración General-Gabinete de Asesoría Jurídica y Asistencia a Municipios) incluido en la vigente Relación de puestos de trabajo de la Diputación de Ourense (en adelante, RPT, publicada en el BOP n.º 292, de 22 de diciembre de 2018).

2. El periodo durante el cual se cubrirá la vacante en comisión de servicios será de un año, prorrogable por otro más, de conformidad con lo establecido en el artículo 64.3 del Reglamento de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado y provisión de puestos de trabajo y promoción profesional de los funcionarios civiles de la Administración General del Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de aplicación supletoria a los funcionarios de la Administración local, de acuerdo con lo establecido en el artículo 168 del Texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y de conformidad con lo establecido en el artículo 49 de la Ordenanza Provincial de Clasificación y Provisión de Puestos de Trabajo de la Diputación Provincial de Ourense.

3. El procedimiento regulado en las presentes bases se regirá por la normativa aplicable a la provisión de puestos de trabajo de los funcionarios de Administración local, y, en particular y en lo que no se oponga a la legislación vigente, por lo establecido en la Ordenanza Provincial de Clasificación y Provisión de Puestos de Trabajo de la Diputación Provincial de Ourense.

B) Normas reguladoras de la comisión de servicios.

1ª) Objeto

Es objeto de las presentes bases el establecimiento de las reglas del procedimiento de provisión, por el procedimiento de comisión de servicios, del puesto de trabajo definido en el apartado C.

2ª) Requisitos de los concursantes

1. Para poder ser admitidas al procedimiento, las personas aspirantes deberán reunir las siguientes condiciones, por referencia a la fecha límite para la presentación de instancias:

a) Tener la condición de funcionario/a de carrera de cualquier administración pública perteneciente al grupo profesional A1. Escala: administración general. Subescala: técnica. Categoría: técnico superior administración general.

Este puesto es susceptible de provisión mediante funcionarios de carrera de la Administración del Estado, de las comunidades autónomas, de otras entidades locales o de los entes públicos vinculados o dependientes, según los requisitos que se especifican en la ficha individualizada del puesto de trabajo de la RPT.

b) Cumplir, en su caso, los requisitos de formación específica que se establezca en la ficha individualizada del puesto de trabajo de la RPT, recogido en el apartado C de las presentes bases.

c) No encontrarse en situación administrativa de suspensión de funciones, impuesta por resolución disciplinaria o sentencia judicial firme.

3ª) Lugar y plazo para la presentación de solicitudes. Lista de personas admitidas y excluidas:

1. Las solicitudes se dirigirán al presidente de la Diputación, en modelo normalizado, que será facilitado en el Servicio de Recursos Humanos y Formación o en la página web www.depourense.es, en la sección de ofertas de empleo. Las modalidades de presentación serán las siguientes:

a) De forma presencial, mediante la presentación en papel de la solicitud y de la documentación anexa en la Oficina de Asistencia al Ciudadano en materia de Registro de la Diputación Provincial de Ourense o en cualquiera de los lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992 (norma que se estima vigente de acuerdo con lo establecido en la Disposición derogatoria única en relación con la Disposición final 7.ª de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas). En este último caso se ruega que se envíe copia de la instancia al correo electrónico persoal@depourense.es.

b) De forma telemática, a través del registro electrónico general de la sede electrónica de la Diputación Provincial, en la dirección <https://sede.depourense.es>.

La acreditación de méritos y capacidades se realizará de acuerdo con lo establecido en la base 4ª de este apartado B.

La comprobación de los datos de identidad, nacionalidad y residencia, así como los méritos referidos a lo establecido en el punto 4.º de solicitudes, en lo referido a titulaciones académicas oficiales, serán comprobados de oficio por la Diputación mediante consulta a las plataformas de intermediación de datos de las administraciones públicas, siempre que, conforme con el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo Europeo de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de los datos de las personas físicas, los solicitantes hagan constar su consentimiento expreso en la solicitud. En caso contrario, los/las interesados/as deberán aportar copia de los documentos correspondientes. Excepcionalmente, si la Diputación no pudiera obtener los documentos conforme con lo previsto en este apartado, podrá solicitar al interesado su aportación, otorgándole un plazo de 10 días hábiles.

2. El plazo de presentación será de quince días naturales, contados a partir del siguiente al de la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia del anuncio de la convocatoria.

3. Rematado el plazo de presentación de instancias y, en su caso, de corrección de deficiencias, la Presidencia dictará resolución por la que declararán las personas aspirantes admitidas y las excluidas por incumplir los requisitos de la convocatoria, pasándose las actuaciones a la Comisión de Valoración. Contra esta resolución de la Presidencia, que será objeto de publicación en la sede electrónica de la Diputación Provincial y en la página web www.depourense.es en la sección habilitada al efecto, los interesados podrán interponer los recursos legalmente procedentes.

4ª) Solicitudes: contenido y documentación anexa.

1. Las personas aspirantes deberán presentar sus solicitudes debidamente cubiertas, por lo menos en los campos indicados como obligatorios en el modelo normalizado.

2. Los errores en la cumplimentación de la solicitud serán enmendables, a requerimiento de la Presidencia, que concederá un plazo de cinco días hábiles para esta finalidad. En ningún caso se podrá utilizar este trámite para la mejora de la solicitud o acreditar méritos no alegados en la solicitud original.

A la solicitud deberán añadirse los siguientes documentos:

a) La memoria prevista en el apartado 2 de esta base, acompañada de los informes, certificados o documentos complementarios que el candidato/a estime oportunos.

b) Los documentos acreditativos de los méritos alegados, únicamente en los casos indicados en el apartado 4 de esta base.

2. Con la solicitud, las personas aspirantes deberán aportar una memoria, dividida en dos apartados:

Apartado a): en el que, de manera resumida, se exponga su trayectoria profesional, detallando los hechos más sobresalientes, con especial atención a los problemas detectados y a las soluciones aplicadas en el desarrollo de las responsabilidades propias de los puestos desempeñados.

Apartado b): en el que la persona aspirante exponga cuáles son las tareas y responsabilidades fundamentales del puesto de trabajo al que se aspira, así como las medidas que a su juicio deberían adoptarse para el mejor desarrollo de las funciones de dicho puesto y de la unidad o unidades administrativas dependientes, y su coordinación con el resto de unidades administrativas provinciales. La memoria no deberá exceder de un máximo de ocho folios por una sola cara y a doble espacio. La información detallada o complementaria que el candidato/a desee transmitir a la Comisión de Valoración podrá ser objeto de exposición oral durante la entrevista personal. La valoración de la memoria presentada se realizará mediante una entrevista personal con los candidatos, en la que estos deberán aclarar y complementar la información expuesta en dicha memoria.

3. Las personas aspirantes deberán indicar en su solicitud los méritos expresados en la base 5ª.2, apartados A) y B) que soliciten que les sean valorados, con independencia de la acreditación documental de estos méritos, que se regirá por las reglas recogidas en el párrafo siguiente.

4. Los méritos deberán acreditarse a través de los siguientes medios:

- Las titulaciones académicas, mediante copia auténtica del correspondiente título oficial o del justificante de cumplir los requisitos y haber satisfecho los derechos para su expedición.

b) Unha vez cubertos a solicitude e todos os anexos, así como achegada o resto de documentación, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarta 6: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Quinta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600 e correo electrónico: DPD@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.depourense.es as actas da Comisión de Valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adjudicación.

- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais



que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sexta.- Gastos subvencionables:

Consideraranse subvencionables todos os gastos de carácter corrente propios da federación ou agrupación de asociacións que correspondan ao exercicio 2021, debendo ter sido contraída a obrigación correspondente e emitida a oportuna factura dentro deste exercicio.

En todo caso, consideraranse excluídos os seguintes gastos:

- a) Inversións de calquera tipo.
- b) Gastos de adquisición de bens inventariables.
- c) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.
- d) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
- e) Xuros debedores de contas bancarias.
- f) Calquera gasto que sexa obxecto de subvención por parte doutra administración pública.

En todo caso, o importe da subvención nunca poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sétima.- Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación para a valoración da solicitude referida na base 4ª.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo V destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2021. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base cuarta, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiralle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás solicitudes para as que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de solicitudes, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base oitava.

A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2021. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base cuarta, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 10ª.

Oitava.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado en materia de facenda.
- Vogais:
- O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
- A xefa da Sección de Subvencións.

Actuará como secretaria da comisión a xefa do Negociado de Concursos, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Novena.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións:

1. As solicitudes admitidas a trámite avaliaranse segundo os dous indicadores xerais seguintes:

a) Número total de socios das asociacións veciñais agrupadas na federación solicitante. Asignaráselle 50 puntos á federación que agrupe ás asociacións cun maior número de socios, puntuándose o resto en proporción directa.

b) Volume de gasto corrente orzado. Asignaráselle 50 puntos á federación que presente un maior orzamento de gasto corrente, puntuándose o resto en proporción.

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito orzamentario destinado á convocatoria entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

3. A subvención que corresponda a cada solicitante determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha entidade poderá recibir subvención por importe superior ao seu orzamento de gasto corrente subvencionable.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible.

Décima.- Resolución:

A proposta definitiva da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso lle solicitará á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta en prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan de xeito incondicional e sen ningún tipo de reserva en

caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, solicitarase da Comisión de Valoración a formulación de nova proposta para a aplicación dos remanentes producidos, seguindo as regras establecidas na base 9ª.

Décimo primeira.- Publicidade da concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2021, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª), realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo segunda.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificarse mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada polos seguintes documentos:

a) Memoria das actividades realizadas no exercicio 2021 e dos resultados obtidos.

b) Certificado, expedido polo secretario da asociación co visto e prazo do presidente, dos gastos totais de funcionamento da federación, conforme co orzamento presentado no concurso, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de aboamento. De ser o caso, indicaranse as desviacións producidas verbo do orzamento presentado coa solicitude.

c) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo V destas bases.

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

d) Facturas xustificativas dos gastos, ata un importe equivalente ao da subvención concedida; as facturas poderán ser ordinarias ou simplificadas, de proceder estas últimas, en orixinal ou duplicado, ou copia simple.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- No caso de gastos de persoal, as nóminas deberán acompañarse dos documentos de cotización ante a Seguridade Social (recibo de liquidación de cotización e relación nominal dos traballadores), e o pago correspondente ao recibo de liquidación de cotizacións (antigo TC1), e o modelo 111 de retencións e ingresos a conta de IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retencións e ingresos a conta do IRPF (resumo anual), correspondentes ao período obxecto de subvención.

Non serán válidos os gastos de nóminas, se non veñen acompañados de todos os documentos anteriormente indicados.



- No resto dos supostos, admitirase como documento acreditativo do gasto, un recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, se é o caso, o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual) en relación ao importe retido por este concepto.

Excluíranse totalmente da xustificación, aqueles documentos de gasto que sendo obrigatorio a aplicación de retención, esta non conste.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

d) Detalle doutras subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Certificación de conta bancaria da entidade expedida polo banco ou caixa correspondente, agás que xa obre en poder da Deputación Provincial e non se producisen modificacións ao respecto.

A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

2. Para considerar xustificada a subvención, deberase certificar a realización de gasto corrente por contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base á valoración da subvención (documento b) ao que se refire o apartado anterior), e presentar ademais xustificantes de gastos (facturas ou equivalentes) polo importe da subvención concedida (documento c) ao que se refire o apartado anterior).

No caso de non certificarse a realización de gasto corrente por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención, a subvención reducirase proporcionalmente.

A Deputación poderá comprobar a realidade do gasto certificado a través dos oportunos procedementos de auditoría e control financeiro.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención concedida.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

4. De advertirse deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da

sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2021. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

5. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declarárase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados dende a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

6. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 3, a Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

7. A xustificación deberá presentarse, como data límite, o 30 de outubro de 2021. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 30 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base quinta, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base), así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

8. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

a) Aval de entidade de crédito

b) Seguro de caución

c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas



físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

9. Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente.

En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Décimo terceira.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Décimo cuarta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre

que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles con outras subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, sempre que se trate de subvencións obtidas en procedementos de concorrencia competitiva e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Décimo quinta.- Normativa aplicable:

En todo o non disposto nestas bases será de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra este acordo pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Ourense, 25 de xaneiro de 2021. O presidente.

Asinado electronicamente por Rosendo Luis Fernández Fernández.

Deputado delegado de Economía e Facenda (PD: Decreto 11/07/2019).



ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DAS FEDERACIÓNS OU AGRUPACIÓNS DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE OURENSE CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2021

D./D. ^a		DNI/NIE	
REPRESENTANTE LEGAL		CIF	
ENDEREZO		MUNICIPIO	PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO MÓBIL	TELÉFONO FIXO	
ENDEREZO ELECTRÓNICO			

DECLARO:

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións do ano 2021 para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2021.

Que asumo todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaño a documentación esixida nesta.

ORZAMENTO	€
CONTÍA SOLICITADA	€

Ourense, ____ de _____ de 2021

(Selo da entidade)

(Sinatura)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

ANEXO II

DECLARACIÓN

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONES E DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E NO PAGO DE OBRIGAS POR REINTEGRO DE SUBVENCIONES.

Don/Dona.....,
con NIF....., en representación de
con CIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, así como as bases reguladoras desta convocatoria de subvencions que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiario/a da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta.

Primeiro: Que non se encontra incurso/a en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions.

Segundo: Que se encontra ao corrente no pago das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigas por reintegro de subvencions, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ao exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia e co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedente da subvención.

Manifesto que son coñecedor da obriga de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que conste así, firmo esta declaración,

_____, _____ de _____ de 2021.

Asdo.:



ANEXO III DECLARACIÓN

D./D.^a _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, **DECLARA** que presentou a/s solicitude/s e lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s públicas para os mesmos fins:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

Non ter solicitado nin, en consecuencia, terlle sido concedida ningunha axuda pública para o mesmo fin.

Ourense, _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____



ANEXO IV AUTORIZACIÓN

D./D.^a _____, titular do DNI/NIE n.º _____

AUTORIZO

Á Deputación Provincial de Ourense a facerme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do anuncio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención outorgada no concurso para subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2021.

Ourense, _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____

**ANEXO V**

D./D.^a _____, con DNI _____,
en representación de _____, con
CIF _____, achégolle a documentación solicitada para unir ao expediente
de solicitude de subvención para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de
asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2021.

Ourense, ____ de _____ de 2021

Asdo.: _____
(Nome e apelidos)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE. NEGOCIADO DE CONCURSOS.

Diputación Provincial de Ourense

Anuncio

A los efectos oportunos, se hace público que la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Ourense adoptó, en su sesión ordinaria del día 25 de enero de 2021, el acuerdo de aprobación de las bases reguladoras de la convocatoria del concurso público para la concesión de subvenciones para gastos de funcionamiento de las federaciones o agrupaciones de asociaciones vecinales de Ourense correspondientes al ejercicio 2021, de acuerdo con las siguientes cláusulas:

Primera.- Objeto:

El objeto de las presentes bases es la regulación de la tramitación y concesión, mediante convocatoria pública y a través del procedimiento de concurrencia competitiva, de subvenciones a las federaciones o agrupaciones de asociaciones vecinales de Ourense, con la finalidad de financiar parcialmente sus gastos de funcionamiento correspondientes al ejercicio 2021.

Segunda.- Beneficiarios:

1. Podrán ser beneficiarias de las subvenciones las federaciones o agrupaciones de asociaciones vecinales definidas en el apartado 2 que reúnan los siguientes requisitos en la fecha de publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de la convocatoria regulada en las presentes bases:

a) Estar inscritas en el registro provincial de asociaciones de Ourense, dependiente de la Xunta de Galicia.

b) Tener su domicilio social en la provincia de Ourense, circunstancia que deberá constar en la inscripción en el registro de la Xunta de Galicia.

2. A efectos de las presentes bases, se considerarán federaciones o agrupaciones de asociaciones de vecinos, con independencia de su denominación, todas aquellas asociaciones que estén integradas por tres o más asociaciones vecinales, entendiéndose por tales las asociaciones cuyos fines sean la defensa de los derechos e intereses de los vecinos de un determinado ámbito territorial.

Tercera.- Disponibilidades presupuestarias:

La financiación de las subvenciones reguladas en esta convocatoria se realizará con cargo a la aplicación 92412/48910 de los presupuestos de la Diputación Provincial de Ourense para el ejercicio 2021.

La cuantía máxima disponible para la concesión de estas subvenciones es de 43.000,00 euros.

Cuarta.- Solicitudes: lugar y forma de presentación, plazo y documentación:

Cuarta 1. Lugar y forma de presentación:

Las solicitudes, suscritas por el interesado o por su representante, irán dirigidas a la Presidencia de la Diputación Provincial de Ourense, mediante su presentación en el Registro General de esta entidad a través de cualquiera de las siguientes modalidades:

a) De forma presencial, mediante la presentación en papel de la solicitud y de la documentación anexa en la oficina de asistencia al ciudadano en materia de Registro de la Diputación Provincial o en cualquiera de los lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (norma que se mantiene vigente de conformidad con lo establecido en la Disposición derogatoria única, apartado 2, párrafo último, de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas).

b) De forma telemática, a través del registro general de la sede electrónica de la Diputación <http://www.sede.depourense.es/>

Cuarta 2. Plazo de presentación:

El plazo improrrogable de presentación se iniciará a partir de la publicación, por la Base de Datos Nacional de Subvenciones, del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia (BOP), y rematará el 15 de marzo de 2021, siendo éste el último día en el que podrán presentarse válidamente las solicitudes.

Cuarta. 3. Documentación que debe presentarse:

Las solicitudes deberán formularse aportando dos tipos de documentación: en primer lugar, documentación administrativa, para la acreditación del cumplimiento de los requisitos para la participación en la convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para la valoración de los méritos del solicitante.

De conformidad con lo establecido en el artículo 28.3 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, no es exigible que la documentación presentada sea original, por lo que, tanto en la modalidad de presentación presencial como en la de presentación telemática, se admitirá la presentación de copias simples.

No obstante lo anterior, en los casos en que la copia presentada suscite dudas por su calidad, la Diputación podrá solicitar de forma motivada el cotejo de la copia presentada, para lo que se podrá requerir la exhibición del documento o información original.

El detalle de la documentación administrativa y valorable que debe presentarse es el siguiente:

a) Documentación administrativa:

a.1) Solicitud dirigida a la Presidencia de la Diputación en el modelo oficial, recogido en el anexo I de las presentes bases, en la que se incluye una declaración responsable comprensiva del hecho de no hallarse incurso la solicitante en las prohibiciones recogidas en el artículo 13 de la Ley General de Subvenciones, incluyendo una referencia expresa a la circunstancia de hallarse al día en sus obligaciones tributarias y de Seguridad Social.

a.2) Certificado de inscripción en el Registro Provincial de Asociaciones de Ourense de la Xunta de Galicia, en el que conste el domicilio social de la entidad en Ourense y los estatutos sociales de la entidad.

a.3) Poder con el que actúe el representante de la entidad, excepto que dicha función le corresponda conforme a los estatutos sociales, en razón de su cargo en la entidad, en cuyo caso la validez de la representación se acreditará mediante documento acreditativo de su nombramiento o elección.

a.4) Declaración responsable comprensiva del hecho de no hallarse incurso el solicitante en las prohibiciones recogidas en el artículo 13 de la Ley General de Subvenciones, incluyendo una referencia expresa a la circunstancia de hallarse la entidad al día en sus obligaciones tributarias y de Seguridad Social. Para la formulación de esta declaración podrá utilizarse el modelo recogido en el anexo II de las presentes bases.

a.4) Declaración del solicitante de la subvención en la que figure el conjunto de subvenciones públicas solicitadas para los mismos fines, tanto las aprobadas o concedidas, como las pendientes, según el modelo anexo III.

a.5) Autorización para recibir a través de correo electrónico y/o sms la comunicación de aviso del inicio del plazo de enmienda de deficiencias materiales en la documentación administrativa presentada, de la publicación del anuncio de inicio del trámite de audiencia de la propuesta provisional de resolución, de la publicación del acuerdo de resolución del concurso, y del aviso del inicio del plazo de enmienda de deficiencias en la documentación presentada para la justificación de la subvención concedida, según el modelo anexo IV.



La presentación del documento señalado en el apartado a.5) no es obligatoria, sino voluntaria, pero, en caso de no presentarse, la Diputación no efectuará ninguna comunicación individual al interesado relativa a la enmienda de deficiencias en la solicitud, al trámite de audiencia, al acuerdo de resolución del concurso y a la enmienda de deficiencias en la justificación, publicándose la información correspondiente exclusivamente a través de la sede electrónica y la página web de la Diputación, y además en el BOP en el caso de la resolución del procedimiento, conforme con lo señalado en las bases 7ª y 10ª, respectivamente.

Los solicitantes estarán eximidos de presentar los documentos señalados en los apartados a.2) y a.3) cuando estos documentos ya obrasen en poder de la Diputación, excepto en el caso en que se produjesen modificaciones en el contenido de dichos documentos o en las circunstancias de hecho o de derecho que se reflejan en los mismos, supuesto en el que se deberá presentar el nuevo documento que sustituya al anterior.

a.5) De conformidad con lo establecido en el artículo 28 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, no será necesario que los solicitantes aporten el DNI del representante, el CIF de la entidad, dado que la Diputación comprobará de oficio esta información a través de las plataformas de intermediación de datos de las administraciones públicas.

No obstante, en el caso de que el solicitante se oponga expresamente a la realización de esta consulta por la Diputación, deberá aportar dicha documentación con la solicitud. La oposición a esta consulta podrá formularse mediante escrito que se unirá a la solicitud.

En caso de que por razones técnicas no sea posible realizar la consulta de documentación por parte de la Diputación de Ourense, podrá requerirse al solicitante para que aporte los documentos precisos, lo que se le notificará oportunamente, concediéndole un plazo de diez días hábiles para su presentación.

b) Documentación obligatoria para la valoración de la solicitud:

Para la valoración de la solicitud, deberá presentarse la siguiente documentación:

1. Memoria descriptiva de la actividad de la federación.
2. Certificación del secretario de la federación, con el visto bueno del presidente, en la que conste el presupuesto de gastos e ingresos del ejercicio 2021, desglosado por capítulos y conceptos con el mayor detalle posible, y aprobado por la asamblea de la federación.
3. Certificación del secretario de la federación, con el visto bueno del presidente, en la que conste el número y denominación de las asociaciones vecinales que la integran, y el número de socios de cada asociación federada. Este último dato se certificará por el secretario de la federación solicitante sobre la base de la información que le suministren los secretarios de las asociaciones federadas.

Se advierte expresamente que no serán objeto de valoración, denegándose la concesión de la subvención, aquellas solicitudes en las que no se aporten los documentos señalados. Se procederá de igual modo en los supuestos en que los documentos presentados se hallen incompletos, padezcan de defectos esenciales que impidan o dificulten gravemente su valoración o contengan datos o previsiones de difícil o imposible realización.

Cuarta 4: Reglas de presentación en papel de la documentación exigible:

Cuando los interesados presenten en papel la solicitud y la documentación anexa, deberán presentar dicha documentación en la oficina de asistencia al ciudadano en materia de registros

de la Diputación Provincial o de cualquier otro lugar de los previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre.

En el caso de presentación en la oficina de asistencia al ciudadano en materia de registros de la Diputación Provincial, la oficina digitalizará los documentos, emitiendo copia electrónica auténtica de estos, que se remitirá a la unidad administrativa competente por la propia oficina. Los documentos en papel presentados se devolverán en el acto al interesado, en unión de un recibo acreditativo de la presentación de la solicitud y la documentación anexa.

A estos efectos, la documentación presentada debe entregarse a la oficina debidamente ordenada y en hojas sueltas de tamaño DIN A-4, sin grapar ni encuadernar, a fin de facilitar el proceso de digitalización de los documentos.

Cuarta 5: Reglas de presentación telemática de la documentación exigible:

Cuando los interesados opten por la presentación telemática en el registro electrónico de la Diputación, deberán acceder al registro en la sede electrónica de la Diputación, procediendo del siguiente modo:

a) Deberán cumplimentar la solicitud y los anexos I, II y III que estarán disponibles, para cubrir, en la página web de la Diputación Provincial y únicamente, en modo lectura, en la sede electrónica. No es obligatorio, no obstante, cumplimentar el anexo III, pero en caso de no presentarse, no se formulará ninguna comunicación individual al interesado durante el procedimiento.

b) Una vez cumplimentados la solicitud y todos los anexos, así como aportada el resto de documentación, procederán a firmar electrónicamente y enviar su solicitud, generándose automáticamente el recibo acreditativo de su presentación. La firma electrónica deberá realizarse mediante los sistemas de firma electrónica previstos en el artículo 10.1, apartado a), de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

Cuarta 6: Reglas sobre enmienda de deficiencias en la documentación presentada:

